

[A SUPERVISIÓN PROFESIONAL: UN DISPOSITIVO PARA A CALIDADE DA INTERVENCIÓN E O AUTOCOIDADO PROFESIONAL]

CONTIDOS

A supervisión contribúe a aumentar a **capacitación e o desenvolvemento profesional**, favorece a **comunicación e a cohesión** entre diferentes profesionais e disciplinas incrementando o potencial e a especificidade de cada membro e, en consecuencia, posibilita o aumento da **calidade dos servizos**.

Neste webinar abordarase a temática da supervisión profesional, poñendo en valor **a supervisión como un espazo de reflexión e revisión sobre a práctica** e de contención da difícil realidade social na que se traballa na acción social. Debuxarase a relación entre a supervisión e o **exercizo da intervención social desde unha posición de benestar** dos seus profesionais. Neste sentido, buscarase comprender e explicar a transversalidade e a complementariedade entre os conceptos de supervisión e de benestar.

PONENTE

Dra. Carmina Puig

Profesora de Traballo Social, Departamento de Antropoloxía, Filosofía e Traballo social.

Licenciada en Psicoloxía e Doutora en Antropoloxía Social e Cultural. Supervisora de equipos e profesionais do ámbito psico-social.

Realizou a tese doutoral sobre "*A supervisión en intervencións sociais. Un instrumento para a Calidade dos servizos e o benestar dos profesionais*".

Colabora con institucións e Administracións Públicas nas áreas de benestar social e saúde, en temas de supervisión social e asesoramento de equipos de profesionais. Levou a cabo investigacións relacionadas coa innovación da intervención social, metodoloxías e a sistematización das prácticas sociais.

Na actualidade, as súas liñas de investigación oriéntanse a:

- Intervención profesional. Metodoloxías e sistematización das prácticas sociais.
- O ámbito dos coidados profesionais e a saúde mental.
- Supervisión social e equipos de profesionais. Prevención do benestar dos profesionais e equipos.